

O diálogo como elemento consubstancial ó fenómeno musical ten tras de si un percorrido tan longo como a propia música, podendo ser analizado tanto polo seu papel no proceso creativo como polos materiais que fai interactuar. Inherente á creación nun plano profundo, esa relación dialóxica establécese entre o compositor e as súas influencias, froito da cal xorde a peza musical como artefacto semiótico complexo. Nun nivel intermedio, o compoñente dialéctico pode estar presente como parte da retórica narrativa da peza. Aquí a interlocución é levada a cabo polos propios motivos musicais, como sucede na maxistral polifonía contrapuntística de J.S. Bach. Por último, este aspecto pode ser considerado no plano externo da *performance* musical, sendo o papel do intérprete establecer conexións entre os distintos elementos das súas propostas. Neste caso, son as diferentes características estéticas das obras musicais ou a súa relación con outro tipo de manifestacións artísticas as que entran en xogo.

Partindo destas premisas, a idea transversal que unifica as actividades do VIII Ciclo de Música Contemporánea de Lugo MIHL Sons-XXI é a exploración do diálogo como elemento omnipresente no feito musical. Así, os concertos *A Maxia dos Sons* e *Impulsos* incidirán, dende un punto de vista holístico, nas relacións dialécticas que diferentes pezas musicais poden establecer entre si, partindo neste caso de criterios de procedencia xeográfica dos compositores. No primeiro deles, este diálogo será protagonizado por catro compositores americanos e dous españois, e, no segundo, por catro compositores asiáticos, un español e un portugués. Pola súa parte, o espectáculo *Brumario* porá en liza diferentes compoñentes escénicos como a danza, os instrumentos musicais, o *feedback* acústico e a escenografía, estando todo isto articulado pola música do compositor galego Ramón Souto. Por último, o concerto *Conversando con J.S. Bach* proporá un diálogo entre o xenio alemán e catro compositores contemporáneos no que intervirán o ensemble de clarinetes do Conservatorio profesional de Música Xoán Montes e o percusionista Pablo del Valle.

Diego Ventoso Fernández
Dirección artística e coordinación do Ciclo

CONCERTOS

BRUMARIO

Venres, 4 decembro ás 20:30 h.
Auditorio Municipal Gustavo Freire
JAVIER MARTÍN artes do movemento
VERTIXE SONORA

IMPULSOS

Venres, 11 decembro ás 20:30 h.
MIHL
VERTIXE SONORA

A MAXIA DOS SONS

Domingo, 13 decembro ás 18:00 h.
MIHL
DÚO SAÚL CANOSA - JOSÉ VICENTE FAUS clarinete e percusión

CONVERSANDO CON J.S. BACH

Luns, 21 decembro ás 20:30 h.
Auditorio Municipal Gustavo Freire
ENSEMBLE DE CLARINETES DO CMUS XOÁN MONTES
PABLO DEL VALLE percusión

CHARLA DIDÁCTICA

A MAXIA DOS SONS

Domingo, 13 decembro ás 17:00 h.
MIHL
SAÚL CANOSA clarinete, JOSÉ VICENTE FAUS percusión

Reserva previa de entradas en www.entradaslugo.es



VIII
CICLO
DE
MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
DE
LUGO

MIHL Sons-XXI

CONVERSANDO CO PRESENTE

DECEMBRO 2020

VIII
CICLO
DE
MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
DE
LUGO
MIHLSons-XXI

CONVERSANDO CO PRESENTE

CONCERTOS

Venres, 4 de decembro ás 20:30 h.
Auditorio Municipal Gustavo Freire
BRUMARIO

Javier Martín artes do movemento

Vertixe Sonora: Pablo Coello saxofóns, David Durán piano, Diego

Ventoso percusión

Octavio Mas escenografía

Programa:

- Ramón Souto *Brumario* (2020)

Venres, 11 de decembro ás 20:30 h.
MIHL
IMPULSOS

Vertixe Sonora: María Mogas acordeón, Clara Saleiro frautas

Programa:

- Hyunkyung Lim *Windbrücke* (2000) frauta e acordeón

- Weiwei Xu *icy* (2018) acordeón

- Toshio Hosokawa *Bird Fragments III* (1990) frauta e acordeón

- Nuria Nuñez Hierro *Der rote Faden II* (2012) frauta e acordeón

- Pedro Berardinelli *para por* (2019) frauta baixo

- Keiko Harada *Third Ear Deaf IIb* (2003) frauta e acordeón

Domingo, 13 de decembro ás 18:00 h.
MIHL

A MAXIA DOS SONS

Dúo Saúl Canosa - José Vicente Faus clarinete e percusión

Programa:

- Phillip Parker *Five Bagatelles* (1987) clarinete, marimba e vibráfono

- John L. Heins *Sonata* (1985) clarinete e percusión

- Fernando Buide *Reversos* (2010) clarinete e vibráfono

- Salvador Brontóns *Subtle Dialogues Op. 50* (1999) clarinete baixo e percusión

- Murray Houllif *Five for Two* (2002) clarinete e percusión

- William A.R. May *Impromptu* (2008) clarinete e percusión

Luns, 21 de decembro ás 20:30 h.

Auditorio Municipal Gustavo Freire

CONVERSANDO CON J.S. BACH

Ensemble de clarinetes do Conservatorio Profesional de
Música Xoán Montes

Héctor Fernández, Lucía Gómez, Álex López, Victoria Oropeza, David Rodríguez, José Ramón Saborido, Uxía Sierra, Julia Valdés, Gerald David Vázquez e Daniel Veiga

Iván Martínez dirección

Iván Martínez e José Ramón Saborido adaptacións para ensemble de clarinetes

Pablo del Valle percusión

Programa:

- Johann Sebastian Bach *Vivace da Sonata a trio II en Do menor, BWV 526* ensemble de clarinetes

- Thad Anderson *Concertante* (2011) multipercusión e electrónica

- Johann Sebastian Bach *Sinfonía nº 15, BWV 801* ensemble de clarinetes

- Evan Chapman *One hundred and twenty* (2015) multipercusión e electrónica

- Johann Sebastian Bach *An Wasserflüssen Babylon, BWV 267* ensemble de clarinetes

- Frederic Rzewski *To the earth* (1985) macetas e voz

- Johann Sebastian Bach *Largo da Sonata a trio II en Do menor, BWV 526* ensemble de clarinetes

- Francisco Pérez *Tesseract* (2016) vibráfono e electrónica

- Johann Sebastian Bach *Fuga en Sol maior, BWV 577* ensemble de clarinetes

CHARLA DIDÁCTICA

Domingo, 13 de decembro ás 17:00 h.
MIHL

A MAXIA DOS SONS

Saúl Canosa e José Vicente Faus clarinete e percusión